



INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Maio 2023

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Maio 2023


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un incremento do 6,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 6,3 puntos á do mes de abril. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 1,2%, 0,5 puntos máis que no mes anterior.
- En quince comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de maio.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 0,7% e en España un 1,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de maio agás en Cantabria.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un incremento do 6,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 6,3 puntos á do mes de abril. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 1,2%, 0,5 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 6,9%, suma 5,0 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* incrementan a súa facturación o 5,6% e achegan 1,6 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* diminúe o 1,2% e nos *Outros servizos* aumenta o 6,2%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 7,3%, co que achega 3,8 puntos a taxa de variación do índice xeral e o *Comercio ao retalho*, cun incremento do 6,9%, achega 1,3 puntos; pola contra, a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe o 0,3%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 7,4% mentres que o *Comercio ao retalho* aumenta o 8,8% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 17,3%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 5,6%. Os maiores incrementos rexístranse na *Hostalería* (13,8%) e nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (11,6%). En senso contrario, *Información e comunicacóns* reducen a súa facturación (-2,5%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 6,2%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos acádanse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (11,0%) e nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (10,7%).

Nos cinco primeiros meses do ano, o índice xeral crece un 9,3% en Galicia, máis que en España (6,1%). Os maiores incrementos en Galicia rexístranse no *Comercio por xunto* (11,1%), na *Hostalería* (17,4%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (11,4%). En España *Venta e reparación de vehículos de motor* e *Hostalería* mostran as taxas más altas, 20,1% e 15,2% respectivamente.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 6,2% no mes de maio.

Todos os sectores rexistran taxas positivas agás , *Información e comunicacións* (-0,9%); o maior incremento preséntanse na *Hostalería* (12,6%).


1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 3,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 4,8%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.





1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de maio aumenta a cifra de negocios en quince comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior.


Os maiores crecementos danse en Illes Balears (14,0%) e Extremadura (11,0%). As dúas comunidades onde diminúe a cifra de negocios son Madrid (-4,8%) e Navarra (-2,4%).

No que vai de ano, os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (18,9%) e Canarias (12,8%) e as taxas más baixas prodúcense en Madrid (1,8%) e Comunitat Valenciana (4,8%).



Índices de cifra de negocios. Maio 2023

Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado


2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 0,7% respecto ao mes de maio de 2022, un punto menos que en España (1,7%).

O persoal ocupado crece un 0,8% no *Comercio* e un 0,6% nos *Outros servizos*. Os maiores incrementos danse nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (3,5%), *Comercio por xunto* (1,8%) e *Información e comunicación* (2,8%). As actividades con redución de emprego son *Venta e reparación de vehículos de motor* (-3,4%), *Transporte* (-0,2%) e *Hostalería* (-1,3%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores agás nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,9%). Os maiores crecementos rexístranse en *Información e comunicacóns* (4,6%) e *Transporte* (3,0%).





No acumulado de ano, o emprego aumenta un 0,9% en Galicia, un punto menos que no conxunto do Estado (1,9%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


En todas as comunidades autónomas aumenta o emprego no sector servizos no mes de maio agás en Cantabria (-1,3%). As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (5,8%) e Murcia (3,4%).

No que vai de ano, os maiores incrementos do emprego danse en Illes Balears (6,2%) e Canarias (3,8%). A única comunidade que perde persoal ocupado é Cantabria (-0,8%).



Índices de persoal ocupado. Maio 2023

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórarse a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.



Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Maio 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	175,8	6,6	9,3
Comercio	173,3	6,9	10,3
Venta e reparación de vehículos de motor	124,3	-0,3	7,6
Comercio por xunto	195,5	7,3	11,1
Comercio ao retalho	129,2	6,9	7,9
Outros servizos	182,5	5,6	6,6
Transporte	245,9	3,3	5,3
Hostalería	130,6	13,8	17,4
Información e comunicacóns	128,3	-2,5	-0,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	170,7	11,6	6,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	126,1	10,6	11,4
España			
Xeral	149,7	1,2	6,1
Comercio	152,6	-1,2	4,6
Venta e reparación de vehículos de motor	159,2	17,3	20,1
Comercio por xunto	160,8	-7,4	0,1
Comercio ao retalho	134,6	8,8	11,1
Outros servizos	144,4	6,2	9,4
Transporte	151,7	0,1	5,7
Hostalería	131,7	8,5	15,2
Información e comunicacóns	126,9	6,0	6,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	162,7	10,7	11,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	144,3	11,0	13,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE.

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Maio 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	158,4	6,2	9,1
Comercio	158,6	6,4	9,6
Transporte	208,8	5,0	8,6
Hostalería	136,2	12,6	16,9
Información e comunicacóns	134,1	-0,9	1,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	164,7	3,4	2,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	121,6	3,0	3,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE.



Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.

Maio 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	149,7	1,2	6,1
Andalucía	150,3	6,9	9,9
Aragón	149,2	4,2	7,4
Asturias	146,1	7,4	11,2
Balears, Illes	161,4	14,0	18,9
Canarias	130,8	7,3	12,8
Cantabria	156,7	1,2	7,0
Castilla y León	135,8	1,5	5,9
Castilla-La Mancha	152,4	8,3	8,6
Cataluña	145,0	0,3	6,7
Comunitat Valenciana	152,8	0,7	4,8
Extremadura	158,4	11,0	6,6
GALICIA	175,8	6,6	9,3
Madrid	149,1	-4,8	1,8
Murcia	152,6	4,9	8,5
Navarra	159,4	-2,4	5,4
País Vasco	154,2	3,1	6,2
Rioja, La	162,3	4,7	6,4

Fonte:INE



Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Maio 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	108,9	0,7	0,9
Comercio	110,4	0,8	1,2
Venta e reparación de vehículos de motor	93,2	-3,4	-2,7
Comercio por xunto	124,4	1,8	2,2
Comercio ao retalho	105,9	0,9	1,3
Outros servizos	107,7	0,6	0,7
Transporte	100,1	-0,2	-1,0
Hostalería	98,1	-1,3	1,6
Información e comunicacóns	119,7	2,8	2,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	115,7	3,5	3,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,8	0,4	-1,6
España			
Xeral	112,3	1,7	1,9
Comercio	108,7	1,6	1,5
Venta e reparación de vehículos de motor	106,2	1,5	1,3
Comercio por xunto	113,7	1,7	1,5
Comercio ao retalho	106,0	1,6	1,5
Outros servizos	114,5	1,8	2,2
Transporte	113,5	3,0	3,1
Hostalería	110,1	2,0	3,2
Información e comunicacóns	123,4	4,6	4,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,9	2,8	3,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	117,4	-0,9	-0,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.



Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Maio 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	112,3	1,7	1,9
Andalucía	110,0	1,3	1,7
Aragón	108,5	0,7	0,0
Asturias	107,5	1,1	1,1
Baleares, Illes	131,7	5,8	6,2
Canarias	108,2	3,2	3,8
Cantabria	106,1	-1,3	-0,8
Castilla y León	103,5	0,5	0,4
Castilla-La Mancha	112,5	1,6	2,0
Cataluña	114,7	1,1	1,8
Comunitat Valenciana	110,7	0,4	0,5
Extremadura	111,4	2,5	2,0
GALICIA	108,9	0,7	0,9
Madrid	114,3	3,2	3,2
Murcia	123,2	3,4	1,9
Navarra	110,5	0,9	0,9
País Vasco	107,0	0,8	1,4
Rioja, La	109,2	1,3	0,7

Fonte:INE

